Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias, así como as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores, require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oríentase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

- A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:20:11
Nº Rexistro: 13530
Data envío: 25/03/2021 10:20:11.199

galicia

- A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.

- A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

- A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

- A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:20:11
Nº Rexistro: 13530
Data envío: 25/03/2021 10:20:11.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/03/2021 10:20:07

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14035

Data envío: 09/04/2021 15:19:47.620

Data 09/04/2021 15:19

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11159**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca, a valoración que fai desta situación e as xestións realizadas ante a empresa en cumprimento dos acordos parlamentarios adoptados ao respecto”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 11160 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de marzo de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2021-03-10?part=e0f73203-9491-482b-b34e-8053339e466e&start=35> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14035
Data envío: 09/04/2021 15:19:47.620

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:44

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:20:03
Nº Rexistro: 13529

Data envío: 25/03/2021 10:20:03.043

Data 25/03/2021 10:19



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11164**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns que xustifican o peche da hospedaría da Casa do Mar da Coruña desde o inicio do confinamento ata a actualidade, as previsións do Goberno galego para a súa reapertura e o prazo estimado para a recuperación da oferta deste servizo aos mariñeiros que o precisan e ás súas familias”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Hospedaría da Casa do Mar da Coruña mantívose pechada debido á evolución epidemiolóxica da área sanitaria da Coruña, que practicamente estivo en risco alto de xeito continuado dende o mes de agosto de 2020, con limitacións de acceso derivadas de sucesivos peches perimetrais. Para preservar a saúde de usuarios e traballadores a prudencia aconsellou suspender a prestación deste e outros servizos considerados non esenciais.

No momento actual levantáronse as medidas máis restritivas na área sanitaria, polo que de manterse esta tendencia favorable, poderase reabrir o centro. Será necesario revisar a fondo as súas instalacións e equipamento logo dun peche tan prolongado.

No ano 2019 xa se efectuou un importante investimento de preto de 20.000 euros para adecuación de diversas habitacións, renovación de mecanismos eléctricos, apliques e espellos, así como a renovación integral do baño dun dos cuartos. Esta obra



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:20:03
Nº Rexistro: 13529
Data envío: 25/03/2021 10:20:03.043

galicia

complétase cos máis de 60.000 euros investidos na renovación da carpintería exterior do inmovible, levada a cabo en 2016”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:20:03
Nº Rexistro: 13529
Data envío: 25/03/2021 10:20:03.043

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/03/2021 10:19:56

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:19:42
Nº Rexistro: 13528
Data envío: 25/03/2021 10:19:42.981
Data 25/03/2021 10:19

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11177**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada, as súas intencións referidas á súa remisión ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación, e as medidas que vai inserir nela”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Nos vindeiros días presentarase a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha estratexia pioneira a nivel nacional. Trátase dun proxecto innovador que xa conta cun primeiro borrador que contou coa colaboración da FEGAMP e das entidades máis representativas dos maiores en Galicia.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias; e as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores, require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oríentase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

- A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:19:42
Nº Rexistro: 13528
Data envío: 25/03/2021 10:19:42.981

galicia

- A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.

- A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

- A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

- A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:19:42
Nº Rexistro: 13528
Data envío: 25/03/2021 10:19:42.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/03/2021 10:19:32

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14034
Data envío: 09/04/2021 15:19:39.995
Data 09/04/2021 15:19



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do actual índice de cobertura da teleasistencia en Galicia, as medidas que vai adoptar para garantir o acceso da poboación que precisa este servizo e a dispoñibilidade dalgún plan, orzamento ou planificación temporal ao respecto”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A teleasistencia avanzada é aquela que inclúe, ademais dos servizos de teleasistencia básica que a persoa usuaria precise, apoios tecnolóxicos complementarios dentro ou fóra do domicilio, ou en ambos os casos, así como a interconexión cos servizos de información e profesionais de referencia nos sistemas sanitario e social, desenvolvendo procesos e protocolos de actuación en función da situación de necesidade de atención detectada.

Unha das primeiras medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o acceso de toda a poboación a un servizo de teleasistencia avanzada de calidade foi proceder á adaptación da normativa autonómica en materia de teleasistencia ao establecido na Resolución do 15 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre determinación do contido do servizo de teleasistencia básica e avanzada (DOG 27/12/2019).

Así pois, a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas levouse a cabo a modificación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14034
Data envío: 09/04/2021 15:19:39.995

galicia

persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

A día de hoxe, preto de 7.000 galegos e galegas son usuarios do servizo de teleasistencia avanzada da Xunta de Galicia. Así mesmo o 100% das persoas dependentes que teñen recoñecido este servizo xa o teñen instalado ou xa están en fase de instalación polo que a día de hoxe non existe ningún beneficiario do servizo de teleasistencia incluído no denominado Programa de Asignación de Recursos e que teña que agardar para verlle recoñecido o seu dereito a utilizalo.

O orzamento anual destinado na actualidade á prestación do servizo de teleasistencia ascende a 1.400.520,00 € a través do contrato asinado coa entidade Cruz Vermella para a prestación dun servizo público de teleasistencia e sistema de xeolocalización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14034
Data envío: 09/04/2021 15:19:39.995

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:36

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14033
Data envío: 09/04/2021 15:19:32.307
Data 09/04/2021 15:19

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11195**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos aos proxectos remitidos pola Xunta de Galicia ao Goberno central para a captación de fondos europeos no ámbito social, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e as súas previsións respecto da información ao Parlamento de Galicia deses proxectos”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

Número	Nome do proxecto
1	Construcción residencia de persoas maiores segundo novo modelo asistencial nunha zona con escasos recursos desa tipoloxía
2	Remodelación dos centros públicos de servizos sociais para coidados de longa duración
3	Dotación de equipamento para os centros públicos de servizos sociais destinados a coidados de longa duración
4	Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais
5	Promoción de recursos estables de atención ás persoas sen fogar e outras formas de exclusión residencial en Galicia
6	Creación de novos equipamentos sociais de atención a persoas maiores ou con discapacidade, e remodelación e adaptación de equipamentos existentes, titularidade de entidades de iniciativa social
7	Dotación de equipamento dixital para os centros públicos de servizos sociais destinados a coidados de longa duración
8	Plan integral de dotación de recursos de teleasistencia avanzada e vivendas conectadas
9	Despregamento dos equipos de valoración por todo o territorio de Galicia
10	Modernización tecnolóxica dos servizos sociais



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14033
Data envío: 09/04/2021 15:19:32.307

Número	Nome do proxecto
11	Modernización da frota de vehículos dos centros titularidade de entidades de iniciativa social
12	Proxecto piloto "Programa de coidados Porta a Porta"
13	Proxecto Talento interxeracional
14	Desenvolvemento e implementación nos centros residenciais dun programa de rehabilitación física baseado en realidade virtual inversiva non oclusiva
15	Proxecto "Teléfono contra a soidade non desexada"
16	Equipamento de alta tecnoloxía para a atención á parálise cerebral en centros de referencia
17	Centros de coidados intermedios
18	Proxecto "Casas do maior" no rural
19	INConecta (Inclusión social telemática)
20	Mellora de infraestruturas residenciais no ámbito do acollemento familiar especializado de nenos, nenas e adolescentes
21	Dotación de equipamento para os centros residenciais do ámbito dos nenos, nenas e adolescentes
22	Dixitalización dos centros residenciais do ámbito dos nenos, nenas e adolescentes
23	Proxecto Xerando cultura de acollemento. Promover, fomentar e divulgar o acollemento familiar como recurso de protección máis idóneo para garantir o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a crecer nunha contorna familiar
24	Proxecto Mocidade sen barreiras. Modernización e dixitalización dos centros xuvenís para crear espazos de lecer e de fomento de capacidades participativos e inclusivos
25	Proxecto Centro de día itinerante
26	Proxecto de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para mozas en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas
27	Proxecto de modernización e humanización dos Puntos de Encontro Familiar
28	Acceso á Administración (pictogramas, interpretación, etc)
29	Plan de mellora da accesibilidade nos concellos de Galicia

A Unión Europea puxo a disposición do Goberno de España máis de 2.600 millóns de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14033
Data envío: 09/04/2021 15:19:32.307

euros para financiar o *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia* para realizar proxectos, dentro da liña economía dos coidados.

Neste sentido, o pasado 26 de xaneiro o Goberno central solicitou a presentación de propostas de proxectos, marcando como data límite para a súa entrega o 8 de febreiro, dez días laborais despois.

En tempo récord, a Consellería de Política Social presentou a candidatura de Galicia para o bloque social destes fondos. Deste xeito, deseñáronse unha trintena de proxectos do ámbito social para captar 164 millóns de euros repartidos en tres anualidades e 9 liñas de investimento.

Unhas propostas ben fundamentadas e desenvolvidas que responden ás necesidades trasladadas polos poñentes na Comisión de Reconstrución, e que foron enviadas ao Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 o día 8 de febreiro para a súa valoración e posterior presentación ante á Comisión Europea.

Estas propostas buscan mellorar a calidade de vida e o benestar de todas as galegas e galegos, prestando especial atención aos:

- o Maiores e dependentes
- o Menores
- o Persoas en risco de exclusión social
- o Xuventude.

As iniciativas repártense, segundo os criterios marcados a nivel nacional, en seis eixos. O primeiro eixo vai destinado á creación de novos centros de servizos sociais e a reformar e adaptar os existentes. Esta liña é a que conta cun investimento maior e a ela a Xunta de Galicia destinará preto do 60% dos 164 millóns de euros. O segundo eixo céntrase na instalación de sistemas de domótica e teleasistencia avanzada, que permitan estender o sistema de coidados a domicilio aproveitando a potencialidade da



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14033
Data envío: 09/04/2021 15:19:32.307

tecnoloxía, especialmente nas contornas rurais. Estes proxectos levarán un 10% do investimento total.

O terceiro e cuarto eixo corresponden a proxectos piloto de innovación en materia social ou á modernización tecnolóxica dos servizos que xa se prestan. Galicia fai unha aposta moi importante pola innovación social, e estes dous eixos recollen un investimento de máis de 33 millóns de euros.

O quinto eixo concentra un 10% dos fondos e está centrado na mellora da atención aos menores tutelados, avanzando cara a un modelo aínda máis centrado nos dereitos do nenos e na súa inclusión social e laboral. Neste eixo, presentouse por exemplo un proxecto para facilitar a transición á vida adulta dos menores dos ámbitos rurais.

O sexto eixo vertébrase na mellora da accesibilidade desde un prisma integral: tanto o acceso á Administración como á educación, ao ámbito laboral e o do transporte. Na liña dos parámetros fixados a nivel nacional, Galicia propón investir neste ámbito máis de 2,5 millóns de euros. Para levar a cabo esta remodelación e mellora dos servizos sociais, o Goberno galego quere contar coa colaboración dos concellos e das entidades sociais.

Por último, esta trintena de proxectos non están incluídos nos 108 proxectos aos que fai referencia a iniciativa. Estes 108 proxectos fixéronse públicos en outubro, tres meses antes da solicitude do Goberno central para presentar propostas de proxectos para o Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14033
Data envío: 09/04/2021 15:19:32.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:29

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14032

Data envío: 09/04/2021 15:19:24.604

Data 09/04/2021 15:19



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11391**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a crise económica e social que asola á comarca de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 11392 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de marzo de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2021-03-10?part=5dcf5790-612c-422e-aa70-4cda54a6e96d&start=12899> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14032
Data envío: 09/04/2021 15:19:24.604

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:21

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14031

Data envío: 09/04/2021 15:19:17.042

Data 09/04/2021 15:19



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 11439**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica”**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 11441 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de marzo de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2021-03-10?part=e0f73203-9491-482b-b34e-8053339e466e&start=798> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14031
Data envío: 09/04/2021 15:19:17.042

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:13

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14030

Data envío: 09/04/2021 15:19:09.542

Data 09/04/2021 15:19



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12074**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto das medidas de prevención da covid-19 nas persoas maiores residentes en centros asistenciais”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, compareceu o pasado 18 de febreiro de 2021 na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia para dar resposta á pregunta 8261 Sobre a elaboración dun plan de evacuación de casos positivos nas residencias de maiores, do grupo parlamentario PSOE.

Na súa comparecencia recordou que o 100% dos centros residenciais da nosa comunidade están vacinados. Asemade, informou que a inmunización dos centros e o descenso da incidencia permitiron flexibilizar os protocolos de seguridade.

Desta maneira, desde o 17 de febreiro permítese máis visitas nas residencias. Naqueles centros nos que transcorreran 10 días desde a administración da segunda dose da vacina, permítese ata tres visitas semanais de dous familiares diferentes.

Así mesmo, detallou todas as medidas que a Xunta de Galicia levou a cabo nos centros desde o inicio da pandemia sanitaria para evitar gromos. Subliñou que



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14030
Data envío: 09/04/2021 15:19:09.542

galicia

se achegaron protocolos de actuación desde o primeiro momento, que foron supervisados polo Comité Clínico.

Todas as residencias están tuteladas polas súas respectivas áreas sanitarias e cando a calidade asistencial estivo comprometida, o Goberno galego interveu o centro. Puxo en valor que se crearan as residencias integradas, que foron replicadas polo seu éxito noutras comunidades de España. Ademais, explicou que a decisión de trasladar ou non a unha persoa a un hospital foi e segue sendo un criterio único e estritamente sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14030
Data envío: 09/04/2021 15:19:09.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:19:06

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14029

Data envío: 09/04/2021 15:19:01.932

Data 09/04/2021 15:18



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12133**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a inclusión das persoas dependentes (grao II) no plan de vacinación fronte á covid-19”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, compareceu o pasado 18 de febreiro de 2021 na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia para dar resposta á pregunta 8261 *Sobre a elaboración dun plan de evacuación de casos positivos nas residencias de maiores*, do grupo parlamentario PSOE.

Na súa comparecencia recordou que o 100% dos centros residenciais de Galicia están vacinados. Asemade, informou que a inmunización dos centros e o descenso da incidencia permitiron flexibilizar os protocolos de seguridade.

Así mesmo, detallou todas as medidas que a Xunta de Galicia levou a cabo nos centros desde o inicio da pandemia sanitaria para evitar gromos. Subliñou que se achegaron protocolos de actuación desde o primeiro momento, que foron supervisados polo Comité Clínico.

A Xunta de Galicia continúa a avanzar no desenvolvemento do Plan galego de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14029
Data envío: 09/04/2021 15:19:01.932

galicia

vacinación fronte á covid, aliñado coas directrices marcadas pola Comisión Nacional de Saúde Pública na Estratexia nacional de vacinación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14029
Data envío: 09/04/2021 15:19:01.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:18:58

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14028

Data envío: 09/04/2021 15:18:53.932

Data 09/04/2021 15:18



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12305**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o dereito á vacina contra a covid-19 ás persoas que poidan ter dificultades de acceso aos puntos de vacinación”**, (publicada no BOPG número 113 do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi respostada pola Dirección Xeral de Saúde Pública na comisión 5ª celebrada o 25 de Marzo, en resposta á pregunta oral con número de rexistro 12304.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/bdk5bLIUIZkhXAGV4YmBOSHLSXZOagP>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
09/04/2021 15:18:50

50395

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14028
Data envío: 09/04/2021 15:18:53.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:18:50

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14027

Data envío: 09/04/2021 15:18:46.135
Data 09/04/2021 15:18

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12735**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa situación do estaleiro Barreras, de Vigo”**, (publicada no BOPG número 116 do 25 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 12799 que tivo lugar na sesión plenaria do 24 de marzo de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2021-03-24?part=7f2b33e0-6737-4851-bf19-da690a26d348&start=760> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14027
Data envío: 09/04/2021 15:18:46.135

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2021 15:18:42

CSV: BOPGDSPGUGuNUP4yd4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

